



"Pequenos Emprendedores"
Ceip nº1 Plurilingüe e dixital de Tui.
Rúa Coengo Valiño s/n
36700 Tui
Pontevedra

Estatutos

O alumnado de 6º de primaria, en assemblea, elaboramos os estatutos da nosa empresa:

Artigo 1º Forma Xurídica

A empresa adoptará a forma xurídica de sociedade cooperativa.

Artigo 2º Nome.

A empresa funcionará baixo o nome de "PEQUENOS EMPRENDEDORES".

Artigo 3º Imaxe Corporativa

Elixemos como imaxe corporativa un logotipo deseñado polo alumnado de 6º.

Artigo 4º Obxecto Social

A nosa empresa ten a seguinte actividade: elaboración e venda de produtos artesanais.

Artigo 5º Duración

A empresa constitúese para o 2º e 3º trimestre do curso escolar 2011-2012..

Artigo 6º Domicilio Social

O domicilio social da empresa ubícase na aula ABALAR 6º de educación primaria do CEIP nº1 plurilingüe e dixital de Tui, rúa Coengo Valiño S/N, CP 36700 Tui (Pontevedra).

Artigo 7º Socios/as

A empresa componse de 24 socios/as, todos eles alumnos/as do curso ABALAR 6º de educación primaria do CEIP nº1 plurilingüe e dixital de Tui.



"Pequenos Emprendedores"
Ceip nº1 Plurilingüe e dixital de Tui.
Rúa Coengo Valiño s/n
36700 Tui
Pontevedra

Artigo 8º O capital

O capital inicial fíxase en 120€ repartidos en 24 participacións de 5€ cada un.

Artigo 9º Formas de pago

Permítese o pago da cota en prazos.

Artigo 10º As contas

Os informes de contas presentaranse aos/as socios/as cada 30 días.

Artigo 11º Recuperación da inversión

Unha vez finalizadas as vendas todos os/as socios/as poderán recuperar a súa aportación.

Artigo 12º Utilización dos beneficios

Unha vez devolto o capital social os beneficios distribuiranse da seguinte forma:

- a) Un 10% a unha ONG da localidade que decida a assemblea de socios/as.*
- b) O resto á actividade común que decida a assemblea de socios/as procurando que poidan participar todos/as.*

Artigo 13º Xunta directiva

A xunta directiva estará composta por:

- Presidente/a.*
- Secretario/a.*
- Tesoreiro/a.*



"Pequenos Emprendedores"
Ceip nº1 Plurilingüe e dixital de Tui.
Rúa Coengo Valiño s/n
36700 Tui
Pontevedra

Artigo 14º Deberes dos/as socios/as

Todos/as os/as socios/as colaborarán na elaboración dos produtos artesanais.

Os produtos a elaborar elixiranse por votación dos/as socios/as. Procurarase favorecer os traballos en grupo.

O/a socio/a que manteña unha actitude negativa no seu traballo ou nas súas relacións cos demais membros da empresa e faga un mal uso dos materiais de forma consciente ou voluntaria, sancionaráselle cun negativo. A acumulación de 3 negativos conleva a expulsión da empresa e a perda do dereito a recibir beneficios e perder o capital entregado. O/a socio/a expulsado/a, poderá solicitar a súa readmisión unha vez transcurridos 15 días, sempre que o faga por escrito e mostre o seu propósito de cambiar a súa actitude.

Se un/unha socio/a que fora readmitido volve a ter actitude negativa no traballo ou nas relacións cos demais membros da cooperativa será expulsado/a definitivamente.

Artigo 15º dereitos dos/as socios/as

Todos/as os/as socios/as teñen o dereito a ser escoitados na toma de decisións sobre a empresa e a votar nas mesmas.

Artigo 16º Outras disposicións

Se un socio/a abandona a empresa de forma voluntaria e sen causa xustificada, perderá a inversión realizada e non percibirá beneficios algúns.

A empresa, tras acordo coa dirección do colexio, poderá utilizar servizos do centro, (fotocopiadora, escáner, teléfono...) a cambio segundo



"Pequenos Emprendedores"
Ceip nº1 Plurilingüe e dixital de Tui.
Rúa Coengo Valiño s/n
36700 Tui
Pontevedra

acordo coa dirección do colexio, prestaranse servizos sociais gratuitos.